



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Fernando Xabier Blanco Alvarez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á deturpación toponímica producida nunha publicación, e ás previsións de acordo co Principado de Asturias en materia lingüística.

Ministerio de Fomento (Gobierno español) e Principado de Asturias, veñen de elaborar e publicar un mapa, repartido polo xornal “La Nueva España” de Oviedo, que non respecta a toponimia oficial.

Así, por exemplo, a Ría de Ribadeo pasa a se denominar “Ría del Eo” e outros topónimos pertencentes ao territorio administrativo da Comunidade Autónoma de Galiza son deturpados, como “El Cañizo”, “Isla Pancha”, “As Carrayas”, ou “Ensenada de Vilavella”. Do mesmo xeito, existe unha importante deformación da toponimia eonaviega de lingua galega: “Figueras” por As Figueiras, nalgún caso en “bilingüe” (Vegadeo/A Veiga), e noutros asturianizados (“A Veigina”, onde tiña que figurar “A Veiguía”).

Sería importante, por este e outros motivos, que a Xunta de Galiza propiciase acordos en materia lingüística co Principado de Asturias. Así o determina o vixente Estatuto de Autonomía de Galiza (artigo 35), e o artigo



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2009 13:24
Nº Rexistro: 05331
Data envío: 23/07/2009 13:24:44.517

21.2 do Título V (“do galego exterior”) da tamén vixente Lei 3/1983 de Normalización Lingüística:

“Así mesmo fará uso do previsto no artigo 35 do Estatuto de Autonomía a fin de protexer a lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma.”


Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

- 1.- Que avaliación realiza a Secretaría Xeral de Política Lingüística dos feitos descritos?
- 2.- Adoptará por ese motivo algunha medida ou acción perante o Ministerio de Fomento e o Principado de Asturias?
- 3.- Que accións se emprenderán para lle dar contido ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galiza, na Lei de Normalización Lingüística e no Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega no referente á defensa da lingua galega na comarca galegofalante do Eo-Navia?

Santiago de Compostela, 23 de Xullo de 2009

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Asdo.: Fernando X. Blanco Alvarez



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2009 13:24
Nº Rexistro: 05331
Data envío: 23/07/2009 13:24:44.517

Deputado do G.P. do BNG

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 23/07/2009 13:24:14

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 23/07/2009 13:24:17